

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

6436 *Real decreto 476/2014, do 13 de xuño, polo que se regula o rexistro nacional de movementos de subprodutos animais e produtos derivados non destinados a consumo humano.*

O Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1774/2002 (Regulamento sobre subprodutos animais), e o Regulamento (UE) n.º 142/2011 da Comisión, do 25 de febreiro de 2011, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados ao consumo humano, e da Directiva 97/78/CE do Consello en canto a determinadas mostras e unidades exentas dos controis veterinarios na fronteira en virtude da referida directiva, propoñen fomentar o uso de medios de documentación electrónicos e doutro tipo que non comporten un rexistro en papel e que garantan unha rastrexabilidade plena.

O Real decreto 1528/2012, do 8 de novembro, polo que se establecen as normas aplicables aos subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano, establece no seu artigo 18.1 que, durante o seu transporte, os subprodutos animais e os produtos derivados irán acompañados dun documento comercial e, se for o caso, dun certificado sanitario de acordo cos requisitos establecidos no artigo 21 do Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro, e no artigo 17 do Regulamento (UE) n.º 142/2011 da Comisión, do 25 de febreiro de 2011, con diversas excepcións.

Non obstante isto, na letra b) do número 2 do dito artigo prevese que, para os envíos de subprodutos de orixe animal e produtos derivados non destinados ao consumo humano (Sandach) que se realicen dentro do territorio nacional, se autoriza a transmisión da información contida no documento comercial mediante un sistema alternativo. A Comisión Nacional proporá ás autoridades competentes os requisitos técnicos mínimos a que se deberá axustar este sistema alternativo.

Isto é reflexo da previsión recollida no artigo 21.3 do Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, que establece que para os subprodutos animais e produtos derivados transportados dentro do territorio dun Estado membro, a autoridade competente do Estado membro de que se trate poderá autorizar a transmisión da información mediante un sistema alternativo.

Dentro deste marco, os subprodutos poden ser xestionados de moi diversas maneiras, pois son moitos os posibles usos a que se poden destinar. Por este motivo, a Comisión Nacional Sandach aprobou na súa reunión do 13 de decembro de 2012 que cómpre establecer un control e garantir a rastrexabilidade do movemento de subprodutos animais, para cuxo efecto resulta necesario, dentro do marco normativo citado, establecer un sistema alternativo para a transmisión da información dos movementos de Sandach dentro de España, de tipo informático, que permita a gravación dos que deban estar acompañados de documentos comerciais, sistema regulado neste real decreto.

O dito sistema, así mesmo, facilita unha ferramenta de control para a detección de posibles irregularidades nos movementos de subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano, e establece os adecuados criterios de risco para un control eficaz destes. Finalmente, nesta norma determínanse as responsabilidades ao longo da cadea de produción.

Para dar resposta a estas necesidades créase, como se expuxo, unha ferramenta informática: o Rexistro nacional de movementos Sandach. Este instrumento será utilizado de maneira conxunta co Rexistro de establecementos Sandach, de modo que se poderán cruzar e comprobar os datos declarados por cada operador implicado nun movemento e, desta forma, detectar de maneira rápida posibles irregularidades nos destinos e usos de material Sandach. Desde a aplicación imprimíranse os documentos comerciais. Así mesmo, con este sistema, o operador disporá da información en dous formatos: electrónico (cos datos rexistrados na aplicación do Rexistro nacional de movementos Sandach) e en papel (documento comercial impreso).

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de xuño de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto a identificación e o rexistro informático alternativo de todos os movementos de subprodutos animais e produtos derivados non destinados a consumo humano, Sandach en diante, que se realicen dentro de España desde a súa orixe até os lugares en que se produce o seu uso final ou eliminación, garantindo a rastrexabilidade dos Sandach.

2. O disposto neste real decreto entenderase sen prexuízo do cumprimento do resto da normativa aplicable aos Sandach, incluída a específica en función do seu uso final ou eliminación.

3. Este real decreto non será de aplicación aos establecementos distintos dos recollidos no artigo 3, para os que se seguirá aplicando na súa integridade o Real decreto 1528/2012, do 8 de novembro, polo que se establecen as normas aplicables aos subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto, serán de aplicación as definicións previstas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1774/2002, e no Regulamento (UE) n.º 142/2011 da Comisión, do 25 de febreiro de 2011, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados ao consumo humano, e da Directiva 97/78/CE do Consello en canto a determinadas mostras e unidades exentas dos controis veterinarios na fronteira en virtude da referida directiva.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Documento comercial alternativo: aquel documento xerado pola aplicación informática nos establecementos recollidos no artigo 3, que debe acompañar todo movemento de material Sandach, dentro do territorio nacional, de acordo co previsto no artigo 18.2.a) do Real decreto 1528/2012, do 8 de novembro, e como sistema alternativo previsto no artigo 18.2.b).

b) Lugar de orixe: establecemento inscrito no Rexistro de establecementos Sandach e establecementos suxeitos a autorización de acordo co Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen

normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, desde onde se orixina un movemento de subprodutos ou produtos derivados para o seu almacenamento, transformación ou eliminación.

c) Datos da carga e descrición da mercadoría: conxunto de datos recollidos no documento comercial que debe cubrir o establecemento de orixe, establecidos no anexo I, números 1, 2 e 3.

d) Datos do transporte: información establecida no anexo I, número 3, sobre o transportista autorizado e rexistrado no Rexistro de transportistas Sandach.

e) Lugar de destino: establecemento que recibe a partida de subprodutos ou produtos derivados, para o seu almacenamento, transformación ou eliminación.

f) Datos da carga que hai que cubrir en destino: conxunto de datos recollidos no documento comercial, que debe cubrir o establecemento de destino, establecidos no anexo I, número 5.

Artigo 3. *Rexistro.*

1. Créase, adscrito á Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o Rexistro nacional de movementos de subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano (Sandach), que agrupará todos os datos rexistrados polos órganos competentes das comunidades autónomas e dos operadores rexistrados ou autorizados de acordo co artigo 20 do Real decreto 1528/2012, do 8 de novembro, e os datos dos movementos de material Sandach dos establecementos suxeitos a autorización de acordo co Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004.

2. O dito rexistro constituirase nunha aplicación informática (base de datos) que conterá os datos establecidos no anexo I e será accesible desde calquera punto remoto a través da internet.

3. Terán acceso ao rexistro, exclusivamente, os órganos competentes das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, a Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria e a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Poderán ter acceso a el as forzas e corpos de seguridade do Estado e os órganos competentes en materia de transporte.

4. Así mesmo, terán acceso os operadores con perfil autorizado, para a información que lles compete. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente proporcionará unha identificación aos responsables dos establecementos, así como ás persoas físicas que accedan en representación dos establecementos rexistrados, designadas polas autoridades competentes das comunidades autónomas.

5. Establecerase a posibilidade de enviar os datos requiridos para a base de datos dos movementos Sandach como un ficheiro de texto plano.

Artigo 4. *Obrigas dos operadores.*

1. Todos os operadores deberán facilitar a comunicación dos movementos de Sandach ao rexistro previsto no artigo anterior.

Os datos que deben facilitar serán:

- a) Para os establecementos de orixe, os establecidos no anexo I, números 1, 2, 3 e 4.
- b) Para os establecementos de destino, os establecidos no anexo I, número 5.

Os operadores dos establecementos de orixe deberán introducir por medios electrónicos os datos do documento comercial a que se refire a letra a) e os operadores dos establecementos de destino deberán gravar as recepcións deses envíos de acordo co establecido na letra b).

2. Os operadores dos establecementos de orixe imprimirán o documento comercial por triplicado. Na parte inferior do documento comercial figurará «exemplar para o establecemento de orixe», «exemplar para o transportista» e «orixinal para o

establecemento de destino». O operador de orixe reterá unha copia para o seu arquivamento, a outra quedará para o transportista e o orixinal permanecerá no establecemento de destino.

O responsable do establecemento de orixe asinará a declaración de conformidade, cos datos establecidos no anexo II, número 1.

3. O transportista deberá proporcionar a información contida no anexo I, número 3, ao operador do establecemento de orixe, e declarar a conformidade na parte correspondente do documento comercial cos datos establecidos no anexo II, número 2.

Non se poderán realizar movementos de subprodutos se a empresa de transporte non está rexistrada no Rexistro de establecementos Sandach.

4. O operador do establecemento de destino deberá acceder á aplicación Rexistro nacional de movementos Sandach a través da web <http://sandach.magrama.es/Publico/default.aspx>, ao formulario emitido polo establecemento de orixe, e cubrirá na dita aplicación a parte que lle corresponde, recollida no anexo I, número 4, para a confirmación da recepción do movemento.

O responsable do establecemento de destino asinará a declaración de conformidade, cos datos establecidos no anexo II, número 3.

O operador do establecemento de destino dispón dun prazo máximo de 10 días para rexistrar na aplicación a data de recepción e a cantidade de mercadoría recibida (peso, volume) desde a data de recollida da mercadoría que figura no documento comercial. O dito prazo máximo será de 30 días para aqueles movementos que teñan como orixe as illas Canarias.

Artigo 5. *Códigos de identificación.*

1. Todos os establecementos terán unha persoa autorizada cun perfil de operador. Este operador terá unha identificación, de acordo co artigo 3.4, asociada a un ou varios establecementos. Un operador só poderá gravar datos dos documentos comerciais do establecemento a que estea asociado, tanto os datos de orixe como de destino.

2. O documento comercial terá un código, asignado de maneira automática e correlativa pola propia aplicación, coa seguinte estrutura:

- a) 2 díxitos correspondentes á comunidade autónoma.
- b) 2 díxitos correspondentes ao código de provincia INE.
- c) 2 díxitos correspondentes ao ano.
- d) 6 díxitos para asignar o número de documento comercial.

Artigo 6. *Rexistro de movementos.*

1. O establecemento de orixe non poderá modificar o documento comercial unha vez que foi emitido. Poderá anular un documento comercial indicando a data e o motivo, sempre e cando o transportista non recollese a carga no establecemento de orixe.

2. O transportista deberá comprobar que a data e os datos do transporte introducidos polo operador son correctos.

3. O establecemento de destino non poderá anular nin modificar ningún documento comercial. En caso de non estar de acordo con algún dato do documento comercial poderá emitir informe de non conformidade, que gravará no Rexistro nacional regulado no artigo 3.

Artigo 7. *Controis.*

Os controis sobre o cumprimento do disposto neste real decreto incluíranse no Programa plurianual de controis establecido no título V do Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais.

Artigo 8. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto será de aplicación, en función da materia, o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, na Lei 17/2011, do 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición, na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, ou na Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública.

Disposición adicional única. *Non incremento de gasto público.*

A creación do rexistro previsto neste real decreto e o seu funcionamento atenderanse cos medios persoais existentes no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, sen incremento de dotacións, de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do artigo 149.1.16ª da Constitución, polo que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de outubro de 2014.

Dado en Madrid o 13 de xuño de 2014.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ANEXO I

Datos básicos do movemento que hai que incluír no Rexistro nacional de movementos de Sandach

1. Datos do lugar de orixe:
 - a) Nome do establecemento.
 - b) Número de autorización ou rexistro Sandach de acordo co Real decreto 1528/2012, do 8 de novembro; co Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos, de acordo co Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro; co Rega, de acordo co Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece o Rexistro xeral de explotacións gandeiras, ou co SILUM, de acordo co artigo 4.3 do Real decreto 821/2008, do 16 de maio, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene dos pensos e se establece o Rexistro xeral de establecementos no sector da alimentación animal.
 - c) NIF do establecemento.
 - d) Enderezo.
 - e) Código postal.
 - f) Actividade.
2. Datos da carga que hai que cubrir en orixe:
 - a) Data de recollida.
 - b) Número de lote/contedor.
 - c) Descrición da mercadoría (natureza).
 - d) Categoría.
 - e) Para subprodutos animais de categoría 3 ou produtos derivados deles destinados a alimentación animal:
 - 1.º Especie ou especies animais de procedencia.
 - 2.º Indicar a epígrafe correspondente segundo o artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 1069/2009.
 - f) Fariñas de carne e óso de categoría 1 obtidas a partir de animais sospeitosos, confirmados ou sacrificados en aplicación de medidas de erradicación de encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais de acordo co Regulamento (CE) n.º 999/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles.
 - g) Produto procesado na planta de orixe do envío:
 1. Tratamento.
 2. Marcación con GTH se son categoría C1 ou C2.
 - h) Peso estimado (ou volume).
3. Datos do transporte:
 - a) Número de autorización ou rexistro.
 - b) Nome do transportista.
 - c) NIF.
 - d) Enderezo.
 - e) Código postal.
 - f) Matrícula do vehículo, remolque ou número de identificación dos contedores.

4. Lugar de destino:
 - a) Número de autorización ou rexistro (Sandach, RXSEAA, Rega ou SILUM).
 - b) Nome do establecemento.
 - c) Enderezo.
 - e) Código postal.
 - f) Actividade.
5. Datos da carga que hai que cubrir en destino:
 - a) Data de recepción.
 - b) Cantidade recibida (peso ou volume).

ANEXO II

Declaracións de conformidade

1. Do expedidor:
 - a) A información descrita na parte 1, 2, 3 e 4 é correcta.
 - b) Lugar.
 - c) Data de emisión.
 - d) Sinatura.
2. Do transportista:
 - a) A información descrita na parte 1, 2, 3 e 4 é correcta.
 - b) Lugar.
 - c) Data de emisión.
 - d) Sinatura.
3. Do receptor:
 - a) A información descrita na parte 4 e 5 é correcta.
 - b) Lugar.
 - c) Data de emisión.
 - d) Sinatura.